

DEVOLUCIÓN DEL IRPF POR MATERNIDADE

O Tribunal Supremo determinou que as prestacións públicas por maternidade da Seguridade Social que perciben as nais traballadoras (*ou pais a os que se lles ceda parte dese permiso*) durante a baixa de 16 semanas tras o nacemento dun fillo, están exentas do IRPF, en contra do criterio que hasta agora mantiña a Axencia Tributaria.

Isto supón que miles de nais e pais poden solicitar a devolución do tributado por esta prestación durante os anos 2014, 2015, 2016 e 2017 (as declaracións prescriben aos catro anos).

Como solicitar a devolución do IRPF por maternidade?

1. Encher o escrito de solicitude de rectificación de autoliquidación e devolución de ingresos indebidos do exercicio en que se percibiu a prestación. (podes descargar aquí o documento e cubri-lo: <https://bit.ly/2E4NnBb>)
2. Presentar o escrito por duplicado (débenche entregar un a ti coa data de recepción selado) na Axencia Tributaria, xunto cunha fotocopia da declaración e dos datos fiscais do exercicio que reclamas (si non tiveras copias das declaracións e dos documentos, a Axencia Tributaria pode e debe facilitarchos).
3. Si o neno ou nena naceu no último trimestre do ano, é posible que se cobrara a prestación en dous exercicios distintos e nese caso deberás solicitar a rectificación de ambos exercicios

Indicacións

Como xa temos indicado antes, o **prazo para reclamar** todo o relacionado cunha declaración **prescribe aos catro anos**, polo que aquelas persoas que teñan que reclamar o relacionado ao exercicio del 2014, teñen ata o 31 de decembro deste ano. Habendo unha sentenza firme do Tribunal Supremo, enténdese que a administración non tería que poñer ningún problema á hora de devolver a cantidade económica que corresponda, pero si aínda así, a Axencia Tributaria rexeita a túa reclamación, podes presentar unha reclamación económica administrativa. Si esta tampouco consegue un resultado positivo, terás que acudir aos tribunais contencioso administrativos, aínda que por desgracia si tes que chegar a este último paso, terás que ser asistido por un avogado e por un procurador, e o proceso se pode dilatar bastante no tempo.

Máis información na túa sede de UGT



HAI QUE REPARAR O DANO